

só.

GUÍA DIDÁCTICA



Ficha artística	3
A compañía	4
O espectáculo	5
Proposta didáctica	6 y 7
Curiosidades	8 y 9
Manualidades	10 y 11
Xogos	12 y 13

Idea e creación: Jesús Velasco Otero.

Dirección artística: Arturo Cobas y Jesús Velasco.

Escenografía: Cruz Velasco Pajares.

Vestuario: Alicia Tojo.

Diseño de luces: Flavia Mayans De la Morena.

Grabación e edición de vídeo: Malala Ricoy.

Fotografía: Leticia Mariño e Sol Álvarez.

Diseño dossier e cartel: Bernardo Ballesteros.

Distribución: Kandengue Arts





Jesús Velasco Otero, artista multidisciplinar que tras rematar a súa formación na escola de Circo Carampa, en 2015, participa en diversos proxectos de compañías galegas, nacionais e internacionais en calidade de malabarista e pallaso. Artista con gran destreza e creatividade, destaca por facer realidade e trasladar a escena o seu mundo interior dunha forma sinxela e que conecta co público dende o primeiro momento.

É ao saír da escola de circo Carampa cando funda con dous compañeiros a compañía Pass & Company, coa que gaña no 2015 o "Talent Madrid" na disciplina de Circo e Artes alternativas cunha peza curta e en 2017 a sección Off do 18º TAC de Valladolid co espectáculo "Juguete Roto 3p0". Paralelamente, o artista colabora con diferentes compañías como no Proyecto Sanchez co espectáculo Ippon - estreado no Teatro Circo Price en 2017 -, con Gandini Juggling entre os anos 2016 e 2018 chegando a actuar no Gran Circo Estatal de Moscú, con Ale Hop no espectáculo "Imagina Circo" en 2017, como suplente na "Orquesta de Malabares" de Pistacatro en 2018 e é nese mesmo ano cando entra a formar parte da compañía Chipolatas co espectáculo "Gentleman on the road". Tamén en 2018 crea a compañía Xampatito Pato e o multipremiado espectáculo "SÓ." - segundo premio Panorama Circada 2019, premio Carabolas de Bronchales, premio Festival Al Fresquito, premio Festival MADnCIRCUS, premio Festival de Circo y Clown de Úbeda, premio Zirkozaurre, Premio Festival Acambalachous, premio Festival Utebo Respira Circo e o premio do público do Festival Malabharía 2020 -. Ao longo de todos estos anos o artista xirou e puido representar o seu arte en diferentes partes do mundo tales como China, Rusia, Croacia, Suiza, Francia, Italia, Portugal e todo o territorio Nacional.

Un personaxe obsesivo, cuadriculado e meticuloso.

Un ser único na súa especie rodeado dun sen fin de caixas que escapan ó seu control e coas que xoga para dar forma ó seu mundo.

Do caos xurde un universo delirante onde inventa a risa, creando unha tolemia cómica e transformándose nun novo ser cunha nova figura.

Enlace vídeos: https://youtu.be/SI7_nEcST0g
<https://youtu.be/RZRNtlhrYFU>

só.



colaboran:



distribución:

KANDENGUE



Ir ó teatro é unha actividade lúdica, que ó mesmo tempo pode xerar moita aprendizaxe se queremos aproveitala. Compartir cultura pode espertar inquedanzas, responder a necesidades diversas e permítelles aprender un número infinito de cousas que acompañarán ós nenos no seu proceso de crecemento persoal.

Neste dossier expóñense os conceptos para achegar ó alumnado o espectáculo que van ver.

Propoñemos que o profesorado comparta o contido destes apuntes para que o alumnado coñeza os termos descritos así como que antes e despois do espectáculo abra un coloquio na clase para responder ás preguntas propostas e comentar as impresións e emocións que ten o espectáculo transmitido a eles.



ANTES DE VER "SÓ."

- ***¿Sabes o nome do espectáculo que imos ver?***
- ***¿Viches algunha vez un espectáculo de circo?***
- ***¿Que disciplinas circenses coñeces?***
- ***¿Viches algunha vez un malabarista?***

É importante lembrar que ir ver un espectáculo require saber estar e un comportamento adecuado, polo que propoñemos que entre todas e todos pensedes e compartades algúns criterios a ter en conta, como: a actitude que debe ter un bo público, como debemos comportarnos, que cousas non se poden admitir.

DESPOIS DE VER "SÓ."

- ***¿Qué técnicas circenses realizaronse?***
- ***¿Viches algunha vez facer malabares con caixas?***
- ***¿Gustouche?***
- ***¿Que foi o que máis che sorprendeu ?***

El título del espectáculo "SÓ".

- ***¿Sabes dicir "SÓ." noutros idiomas?***
- ***¿Que é para toi estar só?***

Artes Circenses: artes e técnicas que se dan nun espectáculo artístico, que pode incluír acróbatas, pallasos, magos, malabaristas, trapeceistas, funambulistas e outros intérpretes.

Pallaso: É un personaxe estereotipado que adoita ser retratado con roupa extravagante, maquillaxe excesiva e perrucas rechamantes. Xeralmente a súa función é facer rir, facer bromas, facer piruetas e ás veces trucos divertidos, pero tamén é un actor satírico que se burla da vida cotiá.

Mago ou ilusionista: é un artista que realiza trucos de ilusionismo para entreter e sorprender ao público. Estes trucos poden consistir en facer movementos rápidos das mans para facer desaparecer un obxecto, como un pano; ou facer aparecer ou desaparecer unha carta dunha baralla, escollida por unha persoa do público, e desafiando as leis da lóxica.

Malabarismo: Enténdese por malabarismos ou malabares a arte de manipular e realizar trucos cun ou varios obxectos á vez, dándolles a volta, mantelos equilibrados ou lanzándoos ao aire alternativamente, sen deixalos caer ao chan. Os malabares destacan pola súa dificultade e beleza visual, e para executalo precísase certa psicomotricidade por parte da persoa que o realiza, que se chama malabarista. Para iso, o malabarista utiliza diversas partes do corpo, principalmente as mans, pero tamén os pés, os brazos e/ou a cabeza. Os malabares son un dos atractivos clásicos do circo, entre os máis coñecidos están os seguintes xoguetes que permiten a súa realización: pelotas malabares, pelotas de rebote, mazas, aros ou aneis, diábolo, caixas, etc.

Caixas de malabares: A manipulación da caixa de puros desenvolveuse como un acto de vodevil nos Estados Unidos entre os anos 1880 e 1920, e foi popularizado por WC Fields. As caixas fanse malabares sostendo unha caixa en cada man e lanzando e volteando unha terceira caixa entre elas. As rutinas realizadas con caixas de puros tamén poden incluír trucos rápidos de intercambio de caixas no aire, trucos de equilibrio e moito máis.

"Efecto dominó"

É o efecto acumulativo producido cando un suceso orixina unha cadea doutros sucesos similares. Prodúcese cando un pequeno cambio provoca un cambio semellante ao seu carón, que á súa vez provoca outro similar, e así sucesivamente nunha secuencia lineal. Recibe este nome, por analoxía coa caída dunha fila de fichas de dominó colocadas en posición vertical.




"Espiga ou equilibrio imposible"


Un obxecto está en equilibrio estático cando a suma das forzas que actúan sobre el é igual a cero. A explicación do equilibrio é o resultado de que todas as forzas que exercen as caixas son iguais a cero, o que deixa a estrutura en equilibrio.... O centro de forzas comeza a moverse ao colocar as pezas ata quedar xusto en o medio do único soporte.



Debuxa ó protagonista de "SÓ."



Colorea ó teu gusto, recorta, dobra polas liñas grosas e pega as solapas grises.



"Jenga ou Torre de Babel"

É un xogo clásico de habilidade manual e estratexia no que os xogadores deben retirar os bloques e colocalos enriba da torre sen que a torre caia.

- *Podes xogar coas caixas que fixestes na sección de manualidades ou co xogo de pezas de madeira.*



"Trilero ou onde está a bóla"

O mecanismo do xogo é moi sinxelo, unha bóla está escondida nun dos tres vasos, despois os vasos moveranse varias veces, cambiando de posición, a túa misión é non perder nunca de vista o vaso no que está a bóla, e unha vez que paren de moverse os vasos, escolle unha, ¿estará a pelota dentro?

- *Só necesitas tres vasos idénticos (que non se poida ver o que hai dentro) e unha bóla ou un obxecto que entre dentro do vaso.*





xampito.wixsite.com/xampatitopato
xampito@hotmail.es
+34 606 724 305

Distribúe



kandenguearts.com
kandenguearts@gmail.com
+34 698147660